

Illas Medas.

Na Costa brava, a unha milla e media do macizo de Montgrí, sete illotes de rocha calcárea e algún que outro baixío, conforman o pequeno arquipélago das illas Medas. Este extraordinario lugar do mar Mediterráneo ten un grande valor biolóxico pola grande biodiversidade que alberga nunca paisaxe de inigualable beleza.

Desde a súa declaración como reserva natural mariña no ano 1990, a vida submarina que habita nas máis de 21 hectáreas protexidas das illas Medas incrementouse exponencialmente.

A norma de protección, dictada pola Genralitat de Catalunya, fixa unha zona de veda de pesca arredor das illas, e a conservación da fauna e flora do seu fondo mariño. Os raios do sol atravesan as súas augas cristalinas, penetran nas covas submarinas e texen un tapiz de luces e sombras que, aos ollos do visitante, constitúe un fascinante espectáculo.

Ata o momento foron catalogadas no fondo mariño das illas Medas arredor de 1350 especies, entre as que se inclúen todo tipo de organismos mariños. Destacan polo seu esplendor e maxestuosidade as comunidades coralíxenas e de gorgonias.

Estas formacións arbóreas coloniais preséntanse en moi bo estado de conservación. Un grande número de pequenos organismos constrúen esbeltas formacións de gorgonias da especie *Paramuricea clavata*, ramificados a modo de abano, con pequenos e sésiles pólipos que se alimentan dun festín de plancton arrastrado polas correntes. Os pólipos posúen tentáculos con cilios que crean unha película co plancton e o empurran cara ao orificio bucal. O coral vermello, *Corallium rubrum*, de menor tamaño e mais ramificado que as gorgonias, tamén se asenta sobre o sustrato rocoso, preferentemente en zonas moi pouco iluminadas, como paredes e entradas de covas.

Neste estruturado bosque de corais e gorgonias, atopa acubillo e alimento unha ampla e variada fauna, como os abadexos novos, que agochados nas súas covas, agardan o momento oportuno para dar caza ás súas viciñas, as quisquillas de antenas longas.

O maior dos serránidos do mar mediterráneo, o mero, especie protexida de alto interese ecolóxico e comercial, descansa nas augas profundas desta reserva mariña, entre ocos e penumbras, agardando a chegada do solpor para capturar ás súas presas no seu próspero territorio.

Sabogas, bogas, galanas, chaparellas e sargos habitan en abundancia preto deste fondo mariño. Nadan cautelosamente en grupos, na procura de alimento e evitan ser capturados por outros depredadores. Son abundantes as especies de diversas familias que se dan cita aquí, creando así unha formidable comunidade íctica na Reserva Mariña.

Desde hai case oitenta anos, o constante latexar da luz do faro xurde ao cair a noite, deixando atrás no tempo vellas historias de navegantes, piratas e cabaleiros que habitaron as illas Medas, pequeno arquipélago de inmensa riqueza mergullada.